



comité
ciudadán
antisida
ourense

**EN CASO DE EMERXENCIA
CHAMAR O NUMERO
112**

Rúa Irmans Villar, nº 4
Apdo. 72
Ourense 32080
Teléfono: 988233000 - 988220049
E-mail: antisidaou@hotmail.com



CONCELLO DE OURENSE
Concellaría de Sanidade, prevención
e atención de drogodependencias

Antisida
Sobredosis

FOLLETO INFORMATIVO SOBRE A SOBREDOSE

SOBREDOSE: a sobre-dose é consecuencia do consumo dunha substancia en calidade e/ ou cantidade superior a que o organismo é capaz de tolerar, houbo mezclas de substancias (especialmente benzodiazepinas) ou diminuíu a tolerancia. A miúdo pódese confundir con reaccións adversas agudas ó consumo de drogas que inclúen reaccións alérxicas embolias, potenciación dos efectos de varias substancias e presenza de contaminantes (adulteración).

SOBREDOSE POR HEROÍNA

Acción calmante da dor e produción dun estado de satisfacción total e suspensión de calquera tipo de necesidade. O individuo sentese "tranquilo e apaciguado".

Acción fundamental da heroína é diminuir a sensación dolorosa e a doses máis altas somnolencia e depresión do sistema nervioso.

Por descoñecemento da sustancia.

Diminución da conciencia.

Pupilas como cabezas de alfinetes (miose).

Coloración azulada (cianose).

Hipotensión arterial.

Diminución da temperatura corporal.

Respiración lenta ou falla de respiración (apnea).

Pulso lento ou falla de pulso (bradicardia ou falla de latidos cardíacos).

non mistures, é perigoso

Recordar sempre a diminución da conciencia e os tres signos principais.

- Pupilas puntiformes (miose).
- Diminución da respiración (apnea).
- Diminución dos latidos (bradicardia).

Sobre-dose

- Por descoñecemento da concentración de substancia.
- Por descenso da tolerancia tras un período de abstinencia.
- Por intento suicida.
- Polos adulterantes ou cortes.

SOBREDOSE POR COCAÍNA

O efecto psíquico da cocaína consiste nunha sensación de alegría que chega a euforia e que non difire dunha euforia normal que pode sentir unha persoa sa. Notase unha sensación de aumento do control sobre un mesmo e sentese máis vigor e máis capacidade para o traballo.....O individuo sentese sinxelamente normal e resultalle difícil crer que está baixo a influencia dunha droga (Sigmund Freud 1884). A acción fundamental da cocaína é ser un potente estimulador do sistema nervioso, vasoconstrictor e anestésico local.

Midríase (dilatación pupilar).

Pulso rápido e irregular (taquicardia).

Rechinar de dentes.

Aumento da tensión arterial (hipertensión).

Dor torácica.

Respiración compulsiva.

Dores abdominais con náuseas.

Axitación.

Suoración.

Aumento da temperatura corporal (hipertermia).

Recordar os tres signos principais na sobre-dose por cocaína

- Pupilas dilatadas (midriase).
- Aumento da temperatura (hipertermia).
- Axitación.